

DECRETO.

Asunto: *Aprobación da listaxe de persoas candidatas para a provisión interina de prazas de TAX do Concello de Sada*

Consonte ás bases 8ª e 9ª da convocatoria que rexen o proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe para a provisión interina de prazas integradas na escala de administración xeral subescala técnica convocado polo Decreto da Alcaldía nº 1052/2016, do 4 de xullo (BOP nº 127, do 6-07-16).

Considerando a proposta do Tribunal cualificador de aprobación da dita listaxe, resultado da realización do proceso selectivo.

En virtude das atribucións conferidas polo artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, resolvo:

1º.- Aprobar a listaxe para a provisión interina de prazas da escala de administración xeral subescala técnica do Concello de Sada, que se reflicte de seguido, a cal terá unha vixencia de 3 anos:

Apelidos e nome	DNI	Total puntuación	Orde na listaxe
Trabazo González, Sergio	53 610 249 D	12,76	1º
Arias Rodríguez, Cristina Paula	32 782 174 K	12,26	2º
García Ramón, Marta	46 908 036 L	10,20	3º

2º.- Publicar a dita listaxe no taboleiro de edictos e outorgar un prazo de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte a súa publicación para a emenda de erros.-

3º.- Segundo a Base 9ª da convocatoria do proceso selectivo, os aspirantes integrantes da anterior lista de emprego dispoñen dun prazo de dez días para achegar os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos.